

O club **Atletismo Fontes do Sar** e o **Clube Santa Uxía Atletismo** xunto o **Concello de Riveira**, e ca colaboración do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo da Delegación de Santiago de Compostela, organiza o **“V Trofeo Atletismo Fontes do Sar”**. A súa vez, realizarase un Control Federado de Marcas, no Estadio Municipal de A Fieiteira, o mércores 17 de Maio de 2017.

PARTICIPACIÓN

Poderán participar soamente atletas federados

Os atletas prebenxamíns (categoría non oficial) soamente poderán participar os clubs da área da Delegación de Santiago de Compostela

INSCRICIÓN

Realizaranse inscricións ata as **22 horas do luns 15 de Maio**. Online na páxina da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/>.

Só os atletas prebenxamín farán as inscricións no correo escolafontesdosar@gmail.com, facendo constar nome e apelidos, club e data de nacemento.

DORSAIS

A entrega de dorsais realizarase na Secretaria de Competición por clubs o mesmo día da proba, debendo confirmar a asistencia dos atletas.

PREMIOS

Entregarase medalla conmemorativa os tres primeiros de cada proba e por categorías menores ata xuvenil.

Recibirán cheque-regalo, de **200€, 125€ e 75€** os equipos de categorías escolares (prebenxamín a xuvenil) puntuándose da seguinte maneira: En cada proba establecerase un sistema de puntuación ós tres primeiros clasificados, levando 3 puntos o primeiro, 2 o segundo e 1 o terceiro. O club que acade maior número de puntos será o gañador (en caso de empate, repartirase o premio)



Concello de Riveira



HORARIO CONTROL DE MARCAS

“V TROFEO ATLETISMO FONTES DO SAR”

CRONOMETRAXE ELÉCTRICO

MASCULINO	HORA	FEMININO
100 mv cadete Altura	10:00	Peso benxamín e alevín
80 mv infantil	10:20	
	10:30	80 mv infantil
80 ml	10:40	
	10:50	80 ml
500 ml benxamín e alevín Lonxitude infantil e superiores	11:00	Peso infantil e superiores
	11:10	500 ml benxamín e alevín
50 ml Prebenxamín	11:20	
	11:30	50 ml Prebenxamín
100 ml	11:40	
	11:50	100 ml
Peso infantil e cadete	12:00	Altura 300 ml Prebenxamín
300 ml Prebenxamín	12:10	
600 ml cadete	12:20	
	12:30	600 ml cadete
400 ml	12:40	
	12:50	400 ml
1000 ml infantil Peso benxamín e alevín	13:00	Lonxitude infantil e superiores
	13:10	1000 ml infantil
	13:20	800 ml
1.500 ml	13:30	
	13:45	1.500 ml
3.000 ml	14:00	

TÓDOLOS ATLETAS DEBERÁN COMPETIR

COA CAMISOLA OFICIAL DO SEU CLUBE

Nas probas de Lonxitude e Peso das categorías benxamín e alevín, poderase limitar a 3 intentos sen mellora, se o número de atletas e moi elevado. **Os atletas escolares só poderán participar en dúas probas, como máximo.** Para que unha proba se celebre terá que ter un mínimo de 3 atletas participantes. O horario pode sufrir modificacións, en referencia ó número de inscritos que se produzan.



Concello de Riveira

